

Proxecto de Decreto .../2017, do ... de, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2017/2018

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece no seu artigo 81.3 b), na redacción dada polo Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, que os prezos públicos por estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional serán fixados por cada comunidade autónoma, dentro dos límites que estableza a Conferencia General de Política Universitaria, e estarán relacionados cos custos de prestación do servizo nos termos e porcentaxes que o dito artigo especifica.

Para os restantes estudos, os prezos públicos serán fixados polo consello social da respectiva universidade, segundo o disposto no artigo 81.3.c) da citada lei orgánica, e no artigo 75.3.f) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

A disposición adicional 5ª da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, outórgalle aos referidos importes a consideración de prezos públicos. Pola súa parte, a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, logo de definir no seu artigo 43 o concepto de prezos públicos dispón, no seu artigo 47, que os mesmos deberán ser regulados por norma con rango de decreto.

Neste contexto normativo, o presente decreto fixa os importes que deberá aboar o alumnado polos estudos universitarios conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, correspondentes ao curso 2017/2018, tendo en conta o custo estimado dos servizos académicos, así como a diferenza entre o prezo da primeira matrícula fronte ao prezo da segunda, terceira, cuarta e sucesivas matrículas, e ao abeiro do establecido no artigo 47 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Co obxecto de atenuar o esforzo do alumnado e as súas familias, unha vez aplicadas as regras fixadas para o cálculo pola normativa estatal, o presente decreto mantén os mesmos prezos públicos do curso 2016/2017 co fin de favorecer o acceso aos estudos universitarios evitando posibles exclusións debidas a razóns económicas.

Na súa virtude, en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tras o informe do Consello Galego de Universidades, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do díade dous mil dezasete,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto

1. O obxecto do presente decreto é fixar, para o curso 2017/2018, os prezos públicos a satisfacer polos servizos académicos e administrativos por estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional impartidos polas universidades do Sistema universitario de Galicia e os seus centros adscritos, e que serán aboados segundo as normas que se establecen nos seguintes artigos e nas contías sinaladas no Anexo deste decreto.

2. O importe dos prezos por estudos conducentes a títulos ou diplomas que non teñan carácter oficial será fixado nas universidades galegas polo respectivo consello social, de conformidade co establecido no artigo 81.3 c) da Lei orgánica 6/2001, de universidades, e no artigo 75.3 f) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

Artigo 2. Prezos públicos

1. Ensinanzas de grao. Os prezos públicos que serán aboados pola matrícula son os establecidos no apartado 1 da tarifa primeira do Anexo. A liquidación dos prezos farase en función do número de créditos nos que se realice a matrícula.
2. Ensinanzas de máster que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España segundo o establecido na normativa estatal e europea aplicable e análogos. Os prezos públicos que serán aboados pola matrícula son os establecidos no apartado 2 da tarifa primeira do Anexo. A liquidación dos prezos farase en función do número de créditos nos que se realice a matrícula.
3. Ensinanzas de máster non comprendidas no apartado anterior. Os prezos públicos que serán aboados pola matrícula son os establecidos no apartado 3 da tarifa primeira do Anexo. A liquidación dos prezos farase en función do número de créditos nos que se realice a matrícula.
4. Programas oficiais de doutoramento. Os prezos públicos que se aboarán pola matrícula en programas de doutoramento son os establecidos no apartado 4 da tarifa primeira do Anexo, en concepto de tutela académica.
5. A universidade establecerá, mediante resolución reitoral debidamente motivada, os prezos a aboar pola matrícula en estudos de grao, máster e doutoramento polo alumnado estranxeiro maior de dezoito anos, que non teña a condición de residente, excluídos/as os/as nacionais de Estados membros da Unión Europea e aqueles/as a quen sexa de aplicación o réxime comunitario. Estes prezos oscilarán entre o 25% e o 100% do custo de referencia fixado para cada un dos epígrafes da tarifa primeira do Anexo deste decreto.

Artigo 3. Centros adscritos

O alumnado dos centros adscritos aboaralle á universidade, en concepto de expediente académico e de proba de avaliación, o 25 % dos prezos establecidos na tarifa primeira do Anexo, sen prexuízo do establecido no correspondente convenio que o dito centro teña asinado coa respectiva universidade. Os demais prezos aboaranse na contía íntegra prevista.

Artigo 4. Adaptación a novos plans de estudo, validación de estudos, recoñecemento e transferencia de créditos e acreditación de competencias nos programas correspondentes a estudos universitarios

1. A adaptación de estudos, regulada polo Acordo do 25 de outubro de 2004, do Consejo de Coordinación Universitaria, polo que se establecen os criterios xerais aos que se axustarán as universidades en materia de validación e adaptación de estudos, é o acto administrativo polo que se recoñece validez académica aos estudos conducentes á obtención dunha mesma titulación oficial e cursados consonte un plan de estudos. Esta adaptación será gratuíta se provén de centros públicos. No caso de centros non públicos ou centros estranxeiros, o/a alumno/a aboará á universidade de destino o 25 % dos prezos establecidos na tarifa primeira do Anexo.
2. A validación de estudos, regulada polo Acordo do 25 de outubro de 2004, do Consejo de Coordinación Universitaria, polo que se establecen os criterios xerais aos que se axustarán as universidades en materia de validación e adaptación de estudos, é o acto administrativo polo que se recoñece validez académica aos estudos conducentes á obtención doutra titulación oficial distinta á cursada, debendo o/a alumno/a aboar á universidade que realiza a validación o 25 % dos prezos establecidos na tarifa primeira do Anexo.
3. O recoñecemento de créditos, regulado polo Real decreto 1393/2007 polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, é a aceptación por unha universidade dos créditos que, sendo obtidos nunhas ensinanzas oficiais, na mesma ou outra universidade, computados noutras distintas a efectos da obtención dun título oficial. Este recoñecemento será gratuíto para os créditos conducentes á

obtención dunha mesma titulación oficial e cursados consonte un plan de estudos, se provén de centros públicos. Esta mesma consideración estenderase aos estudos cursados en titulacións que, por transformación, son substituídos polas novas de grao.

No caso de créditos conducentes á obtención doutra titulación oficial distinta á cursada, o/a alumno/a deberá aboar á universidade que realice o recoñecemento o 25 % dos prezos establecidos na tarifa primeira do Anexo.

4. A transferencia de créditos, regulada polo Real decreto 1393/2007 polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, implica que, nos documentos académicos oficiais acreditativos das ensinanzas seguidas por cada estudante, incluíranse a totalidade dos créditos obtidos en ensinanzas oficiais cursadas con anterioridade, na mesma ou noutra universidade, que non conduciron á obtención dun título oficial. Esta transferencia será gratuíta se provén de centros públicos. No caso de centros non públicos ou centros estranxeiros, o/a alumno/a aboará á universidade de destino 30 euros en concepto de gastos de xestión.

5. Nos estudos de máster e programas de doutoramento, os prezos que se aboarán pola acreditación de competencias serán o 25 % dos prezos establecidos na tarifa primeira do Anexo.

Artigo 5. Modalidades de matrícula

O estudantado que curse estudos universitarios oficiais poderá matricularse en réxime de dedicación a tempo completo ou a tempo parcial, segundo o que estableza a normativa da universidade na que cursen os estudos.

Para cada curso, o número mínimo e máximo de créditos dos que se poderá matricular un/unha estudante a tempo parcial, quedará fixado na normativa de progreso e permanencia de cada universidade ou calquera outra que regule esta materia.

En todo caso, o alumnado que comece os seus estudos de grao a tempo completo deberá matricularse do primeiro curso na súa integridade, coa excepción dos casos en que se validen materias do dito primeiro curso, en cuxo caso os prezos son os establecidos no artigo 4, e outros réximes de matrícula.

Artigo 6. Forma de pagamento

Os/as obrigados/as ao pagamento dos prezos públicos establecidos no Anexo deste decreto deberán liquidar os importes correspondentes no momento de formalizar a súa matrícula. En todo caso, poderán elixir entre a modalidade de pagamento único ou fraccionado, nas condicións e prazos que a universidade estableza para efectuar a liquidación e pagamento dos prezos públicos, mediante resolución reitoral.

No caso de optar polo pagamento fraccionado, as contías reguladas na tarifa segunda, avaliación e probas, e tarifa terceira, títulos e secretaría, aboaranse integramente no primeiro prazo.

Artigo 7. Exercicio do dereito de matrícula

1. O importe dos prezos de matrícula calcularase en función das circunstancias acreditadas polo/a estudante no momento da súa formalización agás que unha disposición legal estableza outro prazo.

2. O aboamento do prezo da matrícula dará dereito, con carácter xeral, a dúas oportunidades de exame en cada unha das materias nas que o/a estudante teña formalizada a matrícula, atendendo en todo caso ás circunstancias académicas contempladas na normativa de permanencia de cada universidade.

3. O dereito de matrícula establecido no parágrafo anterior exercerase no marco do réxime de horarios xerais fixados en cada centro.

4. En todo caso, o dereito ao exame e á avaliación correspondente quedará limitado polas incompatibilidades académicas derivadas dos plans de estudo.

5. Nos programas de doutoramento o aboamento do prezo da matrícula dará dereito de uso dos servizos académicos e supoñerá o mantemento da vinculación académica coa universidade.

Artigo 8. Anulación da matrícula a instancia de parte

1. Cada universidade establecerá na súa convocatoria de matrícula un período ao inicio do curso, no cal o estudiantado poderá solicitar a anulación da matrícula perante o órgano correspondente da universidade e, de resultar estimada, supoñerá a devolución, no seu caso, das contías aboadas en concepto de prezo público por servizos académicos e non suporá cómputo en número de matrículas nin efectos derivados desta. No caso dos/das bolseiros deberán presentar xustificante de renuncia e os/as solicitantes de bolsa, xustificante de que desiste da súa solicitude de bolsa, xunto coa correspondente anulación de matrícula.

2. A solicitude de anulación de matrícula a instancia do/da estudante efectuada fóra dos prazos sinalados no apartado anterior, se resulta estimada, non producirá a devolución da totalidade do abonado ata o momento nin eximirá do pagamento que poida restar dos prezos públicos, xa que dependerá dos servizos académicos utilizados ata o momento da anulación, de acordo co regulado por cada universidade na súa convocatoria de matrícula. Non se computará o número de matrículas nin os efectos derivados desta.

3. En todo caso, nas devolucións que procedesen non se incluírán as contías que correspondan a apertura de expediente académico nin ao seguro escolar.

Artigo 9. Falta de pagamento

1. A falta de pagamento do importe total ou parcial do prezo público, segundo a opción elixida polo/a alumno/a, poderá supoñer a denegación, anulación ou suspensión da matrícula nos termos e cos efectos previstos na normativa da universidade, con perda das contías que xa se tiveran aboadas.

2. A universidade poderá esixir o pagamento das contías pendentes por matrícula ou por servizos complementarios como condición previa á formalización de matrícula, ou expedición de títulos ou certificados, podendo establecer sobre estas contías un recargo que se calculará aplicando aos importes debidos o xuro legal do diñeiro establecido nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado.

Artigo 10. Bolsas

1. Estarán exentos do aboamento dos prezos públicos por matrícula as persoas físicas beneficiarias de bolsas con cargo aos orzamentos xerais do Estado así como aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, cando esta bolsa teña un compoñente para este concepto.

2. O alumnado que no momento de formalizar a súa matrícula se acolla á exención de prezos públicos por ter solicitado a concesión dunha bolsa das previstas no parágrafo anterior, deberá presentar xustificación desta circunstancia. Se posteriormente non obtívase a condición de bolseiro ou lle fora revogada a bolsa concedida, virá obrigado ao aboamento do prezo da matrícula que efectuou. O non pagamento supoñerá a aplicación do establecido no artigo 9 deste decreto.

3. Non obstante, de conformidade co disposto na normativa que regula as bolsas e axudas de carácter xeral para estudos universitarios, a universidade poderá requirir de xeito cautelar o aboamento dos ditos prezos públicos ao alumnado que non cumpre os requisitos establecidos na citada normativa.

Artigo 11. Matrículas de honra

1. O alumnado que obteña créditos coa cualificación de matrícula de honra estará exento do pagamento dos prezos públicos para a primeira matrícula, nun número equivalente dos créditos de que consten as

materias nas que tiña acadado a dita cualificación, no seguinte curso académico no que formalicen a matrícula, sempre que pertenzan aos mesmos estudos ou rama de coñecemento.

O dereito a esta bonificación non será de aplicación no caso de que a matrícula de honra sexa consecuencia da validación de materias ou de recoñecemento de créditos.

2. As matrículas de honra obtidas no derradeiro curso de grao serán de aplicación, para estes efectos, exclusivamente na primeira vez que se matricule en estudos de máster e sempre que este se realice no curso académico inmediatamente seguinte.

3. Terán dereito á exención total dos prezos por servizos académicos, por unha soa vez, no primeiro curso de ensinanzas de grao, o alumnado que inicie estudos universitarios e acredite ter obtido:

a) matrícula de honra global no segundo curso de bacharelato ou ciclo formativo de formación profesional de grao superior,

b) premio extraordinario de bacharelato ou de formación profesional de grao superior,

c) medalla en olimpíadas acreditadas de ámbito nacional ou internacional.

A aplicación das correspondentes bonificacións levarase a cabo unha vez calculado o importe da matrícula, en base ao prezo establecido por crédito en primeira matrícula.

Artigo 12. *Exencións*

1. Familias numerosas

En aplicación do establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas e no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, o alumnado membro de familia numerosa de categoría especial está exento do pagamento dos prezos públicos previstos no Anexo deste decreto. O alumnado membro de familia numerosa de categoría xeral gozará dunha bonificación do 50% dos ditos prezos.

A condición de familia numerosa deberá acreditarse no momento da formalización da matrícula mediante documento oficial expedido pola administración autonómica competente e deberá estar vixente no prazo de matrícula fixado pola universidade.

Cando o título concedido sexa de inferior categoría á declarada, deberá aboarse a diferenza que corresponda.

A perda da condición de membro de familia numerosa e o cambio de categoría durante o curso académico, non alterará o goce e contía do beneficio ata o remate do mesmo.

2. Persoas con discapacidade

De conformidade co previsto na disposición adicional vixésima cuarta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, en relación co artigo 19 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social os/as alumnos/as con discapacidade, terán dereito á exención total de taxas e prezos públicos nos estudos conducentes á obtención dun título universitario.

A condición de persoa con discapacidade acreditarase mediante a correspondente resolución administrativa pola que se recoñece a condición de discapacitado/a, nos termos previstos no artigo 4 do citado texto refundido, que deberá presentarse no prazo de matrícula fixado pola universidade para que teña eficacia.

3. *Vítimas do terrorismo*

De conformidade co previsto no artigo 38 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, están exentos/as de todo tipo de taxas académicas nos centros oficiais de estudos de todos os niveis de ensinanza, as vítimas de actos terroristas así como os seus cónxuxes e fillos/as. En consecuencia, deberán aboar unicamente os prezos da tarifa terceira.

A condición de vítima de terrorismo deberá acreditarse segundo o disposto no artigo 4 bis, apartado 3 da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, no prazo de matrícula fixado pola universidade.

4. *Vítimas de violencia de xénero*

As persoas que teñan a condición de vítimas de violencia de xénero, de acordo co establecido na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como os seus fillos e as súas fillas, terán dereito á exención do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos. En consecuencia, deberán aboar unicamente os prezos da tarifa terceira.

A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase no momento da formalización da matrícula, mediante calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. A estes efectos, o documento acreditativo da dita condición deberá estar adoptado ou emitido no prazo dos 24 meses inmediatamente anteriores á data de formalización da matrícula.

Artigo 13. *Compensación por exencións e bonificacións*

Os importes dos prezos públicos non satisfeitos polo alumnado en aplicación do previsto no artigo anterior, serán compensados ás universidades polos organismos que concedan as ditas axudas, exencións ou bonificacións, ata onde acaden os créditos que, con esa finalidade, autoricen nos seus orzamentos de gastos.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira. *Compensacións ás universidades*

De conformidade co artigo 7.1 b) do Real decreto-lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, os prezos por servizos académicos que as universidades do Sistema universitario de Galicia deixen de percibir como consecuencia da concesión de bolsas ou axudas ao estudo, serán financiados con cargo aos orzamentos xerais do Estado na cantidade correspondente ao límite inferior do intervalo establecido para o prezo público en cada ensinanza.

A Comunidade Autónoma de Galicia financiará con cargo aos seus orzamentos a diferenza entre o prezo público fixado neste decreto e o vixente no curso 2012/2013.

Para estes efectos, as universidades do Sistema universitario de Galicia solicitarán á Comunidade Autónoma a compensación pola diferenza existente entre os prezos públicos e os límites mínimos correspondentes a cada ensinanza, determinando as contías a compensar mediante certificación do órgano competente. A contía resultante financiarase con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio inmediatamente posterior, segundo o previsto no punto VIII do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016/2020.

Disposición adicional segunda. *Relación de estudos de grao e máster universitarios oficiais*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria fará pública a relación dos estudos de grao e máster universitarios oficiais que serán impartidos no curso 2017/2018 no Sistema universitario de Galicia.

Disposición adicional terceira. *Comunicación de datos*

As universidades do Sistema universitario de Galicia deberán facilitar á consellería competente en materia de Universidades, antes do 15 de febreiro de 2018, o número de persoas matriculadas en cada unha das titulacións, en centros propios e centros adscritos, distinguindo a primeira e sucesivas matrículas, as ensinanzas oficiais de grao, máster universitario e doutoramento. Así mesmo comunicarán o número total de créditos matriculados para cada unha das titulacións.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Disposición transitoria única. *Custo de referencia*

En tanto as universidades non dispoñan de contabilidade analítica, o custo de referencia será o establecido no Decreto 154/2012, do 12 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2012/2013.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Disposición final primeira. Desenvolvemento normativo

Habílitase ao titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do presente decreto.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e será de aplicación para os prezos públicos correspondentes ao curso académico 2017/2018.

Santiago de Compostela, de de dous mil dezasete

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

ANEXO

Tarifa primeira. Actividade docente

1. Ensinanzas de grao (prezo dun crédito)

	Primeira matrícula	Segunda matrícula	Terceira matrícula	Cuarta e sucesivas matrículas
Epígrafe A)	13,93 €	19,30 €	31,21 €	39,79 €
Epígrafe B)	9,85 €	13,62 €	22,04 €	28,06 €

Epígrafe A) Titulacións encadradas dentro da rama de Ciencias, CC. da Saúde, Enxeñaría e Arquitectura, e grao en Belas Artes	Epígrafe B) Titulacións encadradas dentro da rama de Arte e Humanidades e CC. Sociais e Xurídicas
--	---

2. Ensinanzas de máster que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España segundo o establecido na normativa estatal europea aplicable e análogos (prezo dun crédito)

	Primeira matrícula	Segunda matrícula	Terceira matrícula	Cuarta e sucesivas matrículas
Epígrafe A)	29,81 €	29,81 €	38,54 €	45,72 €
Epígrafe B)	20,25 €	20,25 €	26,68 €	31,75 €

Epígrafe A) - Máster Universitario en Enxeñaría de Montes - Máster Universitario en Enxeñaría Industrial - Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria - Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica - Máster Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Máster Universitario en Enxeñaría de Minas - Máster Universitario en Enxeñaría de Telecomunicacións - Máster Universitario en Enxeñaría Naval e Oceánica - Máster Universitario en Enxeñaría Mariña - Máster Universitario en Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo - Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos - Máster Universitario de Enxeñaría Informática - Máster universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental - Máster Universitario en Arquitectura	Epígrafe B) - Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas - Máster Universitario en Avogacía - Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns
--	--

3. Outras ensinanzas de máster oficiais (prezo dun crédito)

	Primeira matrícula	Segunda e sucesivas matrículas
Epígrafe A)	31,36 €	38,54 €
Epígrafe B)	21,61 €	26,68 €

Epígrafe A) Máster non comprendidos no punto anterior, encadrados dentro da rama de Ciencias, CC. da Saúde, Enxeñaría e Arquitectura, e os seguintes Máster: - Máster Universitario en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual - Máster Universitario en Arte Contemporánea, Creación e Investigación - Máster Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible	Epígrafe B) Máster non comprendidos no punto anterior, encadrados dentro da rama de Arte e Humanidades e CC. Sociais e Xurídicas
--	--

4. Doutoramento

Estudos conducentes ao título de doutor/a regulados polo Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro	
Cursos ou complementos formativos en ECTS	32,00 €/crédito
Cursos non estruturados en ECTS	3,30 €/hora
Titoría anual de doutoramento	200,00 €

Tarifa segunda. Avaliación e probas

1. Probas de acceso á universidade	63,67 €
2. Realización de requisitos formativos complementarios para a homologación de títulos estranxeiros de educación superior:	
a) Proba de aptitude / proba de conxunto	116,53 €
b) Período de prácticas correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe A)	13,25 €/crédito
c) Período de prácticas correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe B)	9,37 €/crédito
d) Proxecto ou traballo	116,53 €
e) Cursos tutelados correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe A)	13,25 €/crédito
f) Cursos tutelados correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe B)	9,37 €/crédito
3. Proxectos fin de carreira	117,09 €
4. Exame para a obtención do título de doutor/a	117,09 €
5. Equivalencia ao nivel académico de doutor/a	114,34 €

Tarifa terceira. Títulos e secretaría

1. Expedición de títulos académicos	
a) Doutor/a	183,10 €
b) Licenciado/a, arquitecto/a ou enxeñeiro/a, grao, máster oficial	123,10 €
c) Diplomado/a, arquitecto/a técnico/a ou enxeñeiro/a técnico/a	60,10 €
d) Diploma de estudos avanzados	59,16 €
e) Duplicados de títulos universitarios oficiais e do SET	28,09 €
2. Secretaría	
a) Apertura de expediente académico ao comezar os estudos	22,31 €
b) Certificacións académicas e traslados de expediente académico	22,31 €
c) Expedición e mantemento de tarxetas de identidade	4,79 €
d) Solicitud de equivalencia de estudos estranxeiros	27,09 €